



XORNADA DE CONFIRMACIÓNS

Nova xornada de competición para os diferentes equipos do Numancia. Este fin de semana rematan as fases previas en moitas das competicións do fútbol base. Analizamos o que nos agarda para esta xornada:

MODESTOS: Despois da gran vitoria no derbi de A Pedreira buscarán unha segunda vitoria consecutiva ante o colista da categoría, a UD Cebarca. Partido trampa ante un rival rocoso e que de seguro buscará sacar algo positivo en Ares. Será o domingo as 16:15 cando a Marea Vermella ten que acudir a Prados Vellos para animar ao Numancia.



XUVENÍS: Partido intrascendente na última xornada da Fase Previa. Os xuvenís xa están clasificados para a liga principal. Nesta xornada aspiran a asegurar a cuarta posición na previa e chegar con moral a competición de Liga. Xogan o sábado as 16:00 no campo de Aneiros - Serantes ante a SRD Portuarios "B".

CADETES: Dependem de si mesmos para clasificarse para a liga principal da categoría. En caso de non conseguir os tres puntos dependerían do partido Cultural Maniños - Ortigueira. Xogan o sábado as 16:15 en Prados Velloos ante o Portuarios "B". ¡¡¡Non faltedes!!!

INFANTÍS: Afrotan a terceira xornada da liga principal da categoría co obxectivo de seguir disfrutando e medrando. Agardemos que esta semana os infantís teñan a forza e sorte necesaria para que chegue a primeira vitoria de Liga. Xogan co Cultural Maniños o sábado as 10:30 en Prados Velloos. ¡¡¡Pasaremos lista!!!

FÚTBOL- 8: O venres as 17:00 o **prebenxamín "A"** visita ao Eume Deportivo. As 17:30 o **prebenxamín "B"** recibe en Prados Velloos ao Ánimas "B". Ambos equipos prebenxamíns pechan a fase previa da Liga cos seus obxetivos cumpridos. Os **alevíns** xogan tamén o venres as 18:45 na última xornada en O Sinde ante O Val "B" coa posibilidade de clasificarse para a liga principal.

Para o sábado queda o partido dos **benxamíns**, sendo tamén a última xornada e contando tamén con opcións de clasificarse para a liga principal. Xogan o sábado as 11:00 no municipal de O Beco ante o Cedeira SD.

En resumo, bonita fin de semana na que agardamos ter a confirmación da resurrección dos modestos, a boa línea dos xuvenís e tamén boas novas do fútbol base e do mais cativo. Recordade que o mais importante e disfrutar e representar o nome do Numancia con dignidade por todos os campos de fútbol. Fair Play.

¡¡¡Vémonos este fin de semana en Prados Vellos, Serantes, O Val, Cedeira ou en Pontedeume.

O Numancia somos tod@s.

iiiAUPA NUMANCIAiii